

Programación Didáctica da aula de Educación Artística, Música.

2º curso de Educación Primaria

Índice

Introdución e contextualización	Páx. 3
As competencias educativas do currículo.....	Páx. 3
Contribución da Música ás competencias clave.....	Páx. 4
Obxectivos curriculares da Educación Primaria.....	Páx. 4
A área de Educación Artística.....	Páx. 5
Programación Didáctica da Aula de Educación Artística, Música, de 2º de Educación Primaria.....	Páx. 6
Orientacións metodolóxicas e mínimos esixibles.....	Páx. 36
Autoavaliación e ferramentas de avaliación.....	Páx. 37

Introdución e contextualización:

Esta programación vaise levar a cabo nun CEIP situado nun contexto urbano, en Ferrol, onde o número de alumnos por aula é de 25.

Á hora de traballar, será necesario ter en conta os coñecementos previos do alumnado.

Non usaremos libro de texto, pero o tratamento da materia será algo diferente á dos cursos anteriores, xa que aínda que se vai tentar seguir vivenciando a música, agora xa nos imos aproximar dun xeito máis exhaustivo á linguaxe musical convencional (aumentando o número de notas coas que traballaremos), para así poder levar a cabo interpretacións e creacións musicais.

Na programación imos ser máis concretos ca no decreto 105/2014, do 4 de setembro, onde nos aparecen os obxectivos de etapa, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave dun xeito máis xeral. Tendo en conta o carácter aberto do currículo, ímolos concretar un pouco máis mediante as actividades que realizaremos na aula.

As competencias educativas do currículo

O decreto de referencia baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensinanza e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, que supoñerán un importante cambio nas tarefas que han de resolver os alumnos e formulacións metodolóxicas innovadoras. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros

compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

A Unión Europea denomínaas competencia clave entendéndoas como “aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

As competencias clave do currículo son as sete seguintes:

- Comunicación lingüística (CL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (AA).
- Competencias sociais e cívicas (SC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (IE).
- Conciencia e expresións culturais (CEC).

Contribución da Música ás competencias clave:

Dende esta área debemos contribuir á adquisición das competencias clave. Desde xeito, contribuiremos á CL mediante o intercambio de ideas, a realización de explicacións claras..., á CMCT mediante a discriminación das diferentes figuras musicais..., á CD mediante o emprego dos ordenadores nalguna ocasión...; á de AA mediante actividades nas que terán que pensar diferentes solucións..., ás competencias SC mediante o cumprimento das normas de conducta..., á IE mediante actividades onde terán que buscar solucións imaxinadas ou creadas por eles mesmos..., e á CEC é á que máis se contribuirá, por será moi frecuente a escoita e valoración de diferentes obras musicais, tanto da nosa coma de outras culturas.

Obxectivos curriculares da Educación Primaria

Antes de comezar é necesario recordar os obxectivos da etapa:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con eles, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con

autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia.

A área de Educación Artística

A área de Educación Artística dividiuse en dúas partes: a Educación Plástica (que neste curso se imparte en lingua inglesa), e a Educación Musical, atendendo ao estudo das linguaxes propias de cada un destes ámbitos. Á súa vez, cada un deles subdivídese en tres bloques, que aínda estando relacionados entre si manteñen certas diferenzas co resto. Non obstante, no seu desenvolvemento metodolóxico o docente poderá abordar de maneira conxunta os diferentes bloques.

Bloques da Educación Plástica:

- **Bloque 1.** Educación audiovisual.
- **Bloque 2.** Educación artística.
- **Bloque 3.** Debuxo xeométrico.

Bloques da Educación Musical:

- **Bloque 1.** Escoita.
- **Bloque 2.** Interpretación musical.
- **Bloque 3.** A música, o movemento e a danza.

Ademais do compoñente comunicativo das ensinanzas artísticas, estas disciplinas teñen tamén un compoñente expresivo das propias ideas, vivencias e sentimentos e constitúen un referente cultural para os alumnos.

PROGRAMACIÓN DA AULA DO PRIMEIRO TRIMESTRE

OBXECTIVOS CURRICULARES

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con eles, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia.

PUNTO DE PARTIDA DO PRIMEIRO TRIMESTRE

A comezos de curso indicárase o material necesario para o desenvolvemento das clases, que será unha libreta de partituras e unha carpeta. Informárase tamén do proceso de avaliación (50 % probas escritas, 25 % observación e traballo diario e 25 % actitude).

Será necesario comezar cun pequeno repaso do traballado durante o período de confinamento e cunha explicación dos novos contidos que temos “pendentes” do curso pasado.

- **Enfoque do trimestre.** As diferentes unidades didácticas comezan na maior parte das veces cun conto musicado, onde

aparecen viñetas que eles teñen que ordenar segundo o que vaian escoitando.

Os nenos experimentaron a música e o ritmo de forma corporal en cursos anteriores (1º e en Infantil), e agora tentaremos ir adquirindo coñecementos musicais para poder interpretar e crear nós as nosas propias composicións.

A cultura musical (tanto galega coma internacional) intégrase a través das audicións.

- **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos xa coñecen a maioría dos instrumentos musicais da aula, e algúns máis dos que forman parte da orquestra. Ademais coñecen o que é a clave de Sol, o pentagrama, e onde están situadas as notas MI e SOL. Durante o último trimestre do pasado curso, tamén se introduciu e explicou a nota LA (durante o confinamento).
- **Previsión de dificultades.** O alumno poderá encontrar dificultades principalmente á hora de diferenciar visual e auditivamente os novos instrumentos que imos ir coñecendo e a situación das novas notas que aprenderemos no pentagrama (para isto axudaremos da fononimia, se fose necesario).

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
1. ESCOITA	<ul style="list-style-type: none"> • Contos musicados: <i>Os fabóns máxicos, o segredo do Nadal.</i> • Ecos rítmicos mediante o uso da percusión corporal. • Representación escrita de ritmos escoitados: A negra, parella de corcheas, e o silencio de negra. • Os instrumentos de percusión (madeira, metal e parche), e os de corda (punteada e fretada). • escoitar atentamente e seguir musicogramas. • Xogo “Pasar a bola” – Zas, boing, etc... • Os sons dos animais do bosque. 	<p>B1-1. Utilizar a escoita musical para indagar nas variacións que nos ofrecen os sons e seguir historias e mellorar a capacidade de atención.</p> <p>B1-2. Discriminar auditivamente diferentes instrumentos musicais da aula (incluído o propio corpo).</p> <p>B1-3. Coñecer as normas de comportamento en audicións e concertos.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL	<ul style="list-style-type: none"> • O pulso musical. • Acompañamento con percusión corporal da cancións traballadas. • Interpretación con percusión corporal de pequenos patróns con negra, parella de corcheas e silencio de negra. • As notas musicais: MI – SOL – LA. Coñecer a súa situación no pentagrama e localas (tubos sonoros) e cantalas. • Construcción de xoguetes musicais. • Realización de xogos musicais. 	<p>B2-1. Interpretar só ou en grupo composicións sinxelas, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando, tanto as achegas dos demais compañeiros coma á persoa que asume a dirección.</p> <p>B2-2. Conseguir que o alumnado practique con xogos e xoguetes tradicionais de xeito espontáneo.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA	<ul style="list-style-type: none"> • Movemento e danza. • Baile da canción <i>Tan tan..</i> • Acompañamento de diferentes tipos de música mediante o movemento. • Xogo de “movemento grave-agudo”. 	B3-1. Adquirir as capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorando a súa achega ao patrimonio e gozando da súa interpretación.

BLOQUE 1. ESCOITA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-1. Utilizar a escoita musical para indagar nas variacións que nos ofrecen os sons e seguir historias e mellorar a capacidade de atención.	B1-1.1. Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons e segue historias a través de sons e imaxes.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e explica a música utilizando paulatinamente un vocabulario máis preciso. • Recoñece e clasifica as calidades dos sons (intensidade, altura, duración e timbre). • Ordena adecuadamente as viñetas dos contos musicados. • Mellora a súa capacidade de escoita. 	CL IE CEC AA
B1-2. Discriminar auditivamente diferentes instrumentos musicais (incluído o propio corpo).	<p>B1-2.1. Distingue os instrumentos da familia de percusión e corda fretada.</p> <p>B1-2.2. Distingue as partes dunha obra cun musicograma.</p> <p>B1-2.3. Interésase por descubrir diferentes obras musicais.</p> <p>B1-2.4. Escoita en silencio e repite diferentes ritmos de percusión corporal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece o son e o silencio. • Recoñece os diferentes instrumentos de percusión e corda fretada. • Segue as obras que escoitamos empregando un musicograma. • Mostra interese por descubrir os instrumentos que temos na aula. • Usa o corpo como instrumento musical. 	CL IE CEC AA CEC AA
B1-3. Coñecer as normas de comportamento en audicións e concertos.	B1-3.1. Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	<ul style="list-style-type: none"> • Presta atención e mantense en silencio durante a escoita de pezas musicais, e explica a súa opinión sobre as audicións. 	CL AA IE CEC

BLOQUE 2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2-1. Interpretar só ou en grupo composicións sinxelas, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando, tanto as achegas dos demais compañeiros coma á persoa que asume a dirección.	B2-1.1. Coñece a técnica instrumental de diferentes instrumentos.	<ul style="list-style-type: none"> Sabe como se tocan os instrumentos sobre os que traballamos. 	AA IE
	B2-1.2. Comeza a utilizar a linguaxe musical para a interpretación de obras.	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece a clave de sol, o pentagrama, os espazos e as liñas. 	CL AA CEC
	B2-1.3. Interpreta diferentes ritmos de percusión corporal.	<ul style="list-style-type: none"> Coñece o corpo e sabe como facer música con el. 	IE CEC
	B2-1.4. Interpreta diferentes pezas instrumentais para distintos agrupamentos con e sen acompañamento.	<ul style="list-style-type: none"> Interpreta melodías só ou en grupo e acompaña pezas musicais con instrumentos, prestando atención á integración da súa interpretación coa do grupo. 	CSC CEC
	B2-1.5. Constrúe ritmos por si mesmo e úsaos para facer creacións musicais.	<ul style="list-style-type: none"> Mostra interese por crear diferentes ritmos empregalos para interpretacións musicais. 	CEC IE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2-2. Conseguir que o alumnado practique con xogos e xoguetes tradicionais de xeito espontáneo.	B2-3.1. Traballa e constrúe xogos e xoguetes con diferentes instrumentos, materiais e explora e proba coas súas sonoridades.	<ul style="list-style-type: none"> Mostra interese por conseguir sacarlle partido aos materiais e instrumentos da aula e do entorno para crear música con eles. 	CD AA CEC

BLOQUE 3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B3-1. Adquirir as capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorando a súa achega ao patrimonio e gozando da súa interpretación.	B3-1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	<ul style="list-style-type: none"> Explora as posibilidades expresivas e sonoras do propio corpo e esforzase por expresarse mediante o movemento e a danza. 	AA CEC
	B3-1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	<ul style="list-style-type: none"> Interpreta danzas, adquirindo un control progresivamente maior dos seus movementos. 	CSC IE CEC
	B3-1.3. Coñece distintos tipos de danzas valorando a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece o valor das danzas e aprecia a súa importancia cultural. 	CEC CM
	B3-1.4. Adecúa o seu movemento corporal ao que escoita.	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece sons graves e agudos e movemento segundo as indicacións dadas. 	AA IE

ACTIVIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - Audicións sobre as figuracións rítmicas traballadas.. - Audicións de instrumentos da familia de percusión e corda fretada. - Audicións mediante musicogramas: <i>O cuco, etc....</i> - Acompañamento con percusión corporal das cancións traballadas. - Danzas individuais: <i>Tan tan</i>, e xogos do “movemento grave-agudo”.
--------------------	---

OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS	Modelo discursivo/expositivo. Modelo experiencial.	Actividade e experimentación. Participación. Motivación. Interacción.	Tarefas individuais.

	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	Observación directa do traballo diario. Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación. Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).	Diario-clase. Ítems. Documentos gráficos ou textuais. Interpretacións e dramatizacións.	Cualificación cualitativa: Probas escritas (50%). Observación diaria (25%). Comportamento (25%).

--	--	--	--

ENSINANZA INDIVIDUALIZADA	Fichas de reforzo e explicacións máis minuciosas nos casos necesarios. Por exemplo, para coñecer o pentagrama, as liñas e os espazos, axudaríamonos dalgún mural que o represente.
----------------------------------	--

TRABALLO COOPERATIVO	A maioría das actividades van ser individuais, por mor da situación sanitaria.
-----------------------------	--

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	Posibilidade de asistir a algún concerto didáctico.
------------------------------------	---

PLANS E PROXECTOS	PROXECTO LECTOR E PLAN LINGÜÍSTICO: Mediante os comentarios e explicacións sobre as audicións. PLAN DE CONVIVENCIA: Actividades grupais que requiren o respecto entre iguais.
--------------------------	--

EDUCACIÓN EN VALORES	<p>Tratamento do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As relacións persoais: as diferenzas culturais, a tolerancia. • As relacións persoais: o respecto persoal, o recoñecemento dos dereitos dos demais.
-----------------------------	---

PROGRAMACIÓN DA AULA DO SEGUNDO TRIMESTRE

OBXECTIVOS CURRICULARES

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia.

PUNTO DE PARTIDA DO SEGUNDO TRIMESTRE

- **Enfoque do trimestre.** Neste trimestre traballaremos os diferentes tipos de compases (binarios, ternarios e cuaternarios).

Usaremos tanto modelos de notación musical non convencional nos que predomina a intuición musical, pero predominarán os modelos de notación convencionais que imos aprendendo na aula.

Séguese tentando potenciar capacidades coma a creatividade e a imaxinación en actividades de expresión musical.

O que os alumnos xa coñecen. Os alumnos xa coñecen o pentagrama, as figuras negra (e o silencio) e a parella de corcheas, e o concepto da CLAVE DE SOL e a posición das notas MI, SOL e LA. Imos aprender a figura BRANCA e o seu silencio e a nota FA.

- **Previsión de dificultades.** O alumno poderá encontrar dificultades á hora de situar as novas notas no pentagrama, ou para recoñecer e identificar tanto visual como auditivamente as diferentes figuracións musicais (sobretudo as novas).

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
1. ESCOITA	<ul style="list-style-type: none"> • Contos musicados: <i>O boneco de neve e os Músicos de Bremen</i>. • Ecos rítmicos mediante o uso da percusión corporal. • Dictados rítmicos coas figuras musicais negra, parella de corcheas, branca e silencios de negra e branca. • Cualidades do son: intensidade e duración. • Escritura de figuracións musicais en compases binarios, ternarios ou cuaternarios. • Música doutros países. • Os instrumentos de tecla e de vento. • escoitar atentamente e seguir musicogramas: <i>o cabaliño de madeira (Schumann)</i>. 	<p>B1-1. Utilizar a escoita musical para discriminar as cualidades do son e seguir unha obra musical (musicograma).</p> <p>B1-2. Diferenciar diferentes instrumentos musicais.</p> <p>B1-3. Coñecer exemplos de bailes e músicas típicas doutros países.</p> <p>B1-4. Escribir no pentagrama ritmos escoitados.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL	<ul style="list-style-type: none"> • Creación de partituras convencionais. • Acompañamento con percusión corporal e con obxectos sonoros. • Interpretación e realización de ecos cos tubos sonoros diatónicos. • Improvisación de ritmos usando a percusión corporal. • Acompañamento con instrumentos de percusión de altura indeterminada da peza <i>chove, chove</i>. • Acompañamento mediante percusión corporal de pezas musicais actuais. 	<p>B2-1. Interpretar só composicións sinxelas asumindo a responsabilidade na interpretación e respectando as achegas dos demais.</p> <p>B2-2. Desfrutar coa práctica musical grupal e adquirir pautas de comportamento social.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA	<ul style="list-style-type: none"> • Movemento e danza. • Baile: <i>Epo i tai, twist das máquinas.</i> • Expresión libre mediante o movemento corporal. 	B3-1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza valorando a súa achega ao patrimonio e gozando da súa interpretación.

BLOQUE 1. ESCOITA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-1. Utilizar a escoita musical para discriminar as cualidades do son e seguir unha obra musical (musicograma).	B1-1.1. Identifica e clasifica as cualidades do son e sigue unha obra nun musicograma.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica os diferentes tipos de sons. • Entende e sigue musicogramas. 	SC CEC
B1-2. Diferenciar diferentes instrumentos musicais.	B1-2.1. Distingue instrumentos musicais tras a escoita de obras musicais, e é capaz de emitir unha valoración deles.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica auditivamente e nomea os diferentes instrumentos. • Describe os instrumentos musicais con vocabulario progresivamente máis preciso. 	CL AA IE CEC
B1-3. Coñecer exemplos de música doutros países.	B1-3.1. Coñece visual e auditivamente bailes e músicas doutros países.	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe o nome dos bailes e músicas típicos doutros países. • Valora e respecta os diferentes estilos musicais. 	AA CEC SC
B1-4. Escribir no pentagrama ritmos escoitados.	B1-4.1. Coñece as diferentes figuras musicais e os silencios.	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza ditados rítmicos correctamente. • Recoñece as figuras musicais e os silencios ao escoitar música. 	AA CEC

BLOQUE 2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2-1. Interpretar só composicións sinxelas asumindo a responsabilidade na interpretación e respectando as achegas dos demais.	B2-1.1. Recoñece e toca os instrumentos da aula.	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece, describe e toca os instrumentos da aula. 	CL AA
	B2-1.2. Utiliza os elementos traballados na aula para improvisar ritmos cos tubos sonoros.	<ul style="list-style-type: none"> Le e comprende elementos básicos da linguaxe musical (figuras, silencios, notas...); e apóiase en partituras convencionais para acompañar pezas musicais. 	CL AA CEC
	B2-1.3. Traduce á linguaxe musical e interpreta ritmos sinxelos.	<ul style="list-style-type: none"> Representa ritmos no papel. Toca os ritmos escritos. 	IE CEC
	B2-1.4. Interpreta diferentes pezas instrumentais con e sen acompañamento.	<ul style="list-style-type: none"> Interpreta e acompaña melodías ao unísono, prestando atención á integración da súa interpretación. 	CSC CEC
	B2-1.5. Coñece e interpreta cancións de distintos tipos, valorando a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	<ul style="list-style-type: none"> Mostra interese por coñecer diferentes manifestacións musicais e por participar na interpretación desas pezas, valorando a súa diversidade e riqueza. 	CEC IE AA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2-2. Desfrutar coa práctica musical grupal e adquirir pautas de comportamento social.	B2-3.1. Goza coa interpretación musical.	<ul style="list-style-type: none"> Participa con gusto na práctica musical. 	CSC CEC
	B2-3.2. Compórtase adecuadamente en audicións e concertos.	<ul style="list-style-type: none"> Escoita e atende ás actividades ou audicións musicais. 	CSC CEC

BLOQUE 3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B3-1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza valorando a súa achega ao patrimonio e gozando da súa interpretación.	B3-1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	<ul style="list-style-type: none"> Explora as posibilidades expresivas e sonoras do propio corpo e esforzase por expresarse mediante o movemento e a danza. 	AA CEC
	B3-1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	<ul style="list-style-type: none"> Interpreta danzas, adquirindo un control progresivamente maior dos seus movementos. 	CSC IE CEC
	B3-1.3. Coñece distintos tipos de danzas.	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece e interpreta diferentes tipos de danzas. 	CEC CM
	B3-1.4. Adecúa o movemento corporal á música que está a soar.	<ul style="list-style-type: none"> Transmite as ideas musicais co seu movemento en concordancia coa música. 	CEC IE AA

ACTIVIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - Audicións de diferentes instrumentos. - Recoñecemento auditivo dos diferentes bailes e estilos musicais típicos doutros países. - Interpretación musical a partir de partituras convencionais. - Acompañamento de melodías con percusión corporal e con obxectos sonoros. - Musicogramas: <i>montando sobre o cabaliño de madeira (Schumann)</i>. - Interpretación cos tubos sonoros. - Improvisación de ritmos usando a percusión corporal. - Danzas individuais: <i>Epo i tai, twist das máquinas</i>.
--------------------	---

OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS	Modelo discursivo/expositivo. Modelo experiencial.	Actividade e experimentación. Participación. Interacción. Funcionalidade.	Tarefas individuais.

	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	Observación directa do traballo diario. Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación. Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).	Diario-clase. Documentos gráficos ou textuais. Interpretacións e dramatizacións.	Cualificación cualitativa: Probas escritas (50%). Observación diaria (25%). Comportamento (25%).

ENSINANZA INDIVIDUALIZADA	Fichas de reforzo e explicacións máis minuciosas nos casos necesarios. Actividades para diferenciar as diferentes figuras musicais e silencios.
TRABALLO COOPERATIVO	A maioría das actividades van ser colectivas (interpretacións instrumentais, por exemplo). Ás veces, en pequeno grupo, pediráselles que cheguen a acordos para crear acompañamentos ás cancións traballadas.
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	Posibilidade de asistir a algún concerto didáctico.
PLANS E PROXECTOS	<p>PROXECTO LECTOR E PLAN LINGÜÍSTICO: Lectura e correcta explicación dos aspectos traballados mediante o uso dos termos axeitados.</p> <p>PLAN DE CONVIVENCIA: Actividades grupais que requiren respecto entre iguais.</p>
EDUCACIÓN EN VALORES	<p>Tratamento do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As relacións persoais: as diferenzas culturais, a tolerancia. • As relacións persoais: o respecto persoal, o recoñecemento dos dereitos dos demais.

PROGRAMACIÓN DA AULA DO TERCEIRO TRIMESTRE

OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con eles, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

PUNTO DE PARTIDA DO TERCEIRO TRIMESTRE

- **Enfoque do trimestre.** Neste trimestre téntase que o alumnado vaia perfeccionando as destrezas adquiridas ao longo dos dous primeiros trimestres. Deste xeito, buscarase acadar un maior grao de calidade nas súas interpretacións musicais.

Un obxectivo claro é o de que os alumnos disfruten coa interpretación musical e que vexan que son capaces de crear composicións que poden ser de calidade.

- **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos xa coñecen as figuracións negra, branca e parella de corcheas, e os silencios de negra e branca. Tamén as notas MI, FA, SOL e LA. Imos aprender as notas RE e SI.

- **Previsión de dificultades.** Neste trimestre as dificultades poden aparecer á hora de colocar e ler as novas notas musicais que imos aprender.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
1. ESCOITA	<ul style="list-style-type: none"> • Contos musicados: <i>A galiña choca, o frautista de Hamelín.</i> • Ditados rítmicos: a negra, a parella de corcheas, a branca, e os silencios de negra e branca. • Cualidades do son: a altura. • Os sons da casa. • Os instrumentos de vento e percusión (a marimba e a batería). • Sons afinados e desafinados. • Audición de obras de música mediante musicograma: <i>a danza dos cisnes</i>, de Tchaikovsky. 	<p>B1-1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son.</p> <p>B1-2. Diferenciar os instrumentos musicais traballados.</p> <p>B1-3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio musical.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL	<ul style="list-style-type: none"> • Acompañamento con instrumentos de percusión da aula e co propio corpo. • Interpretación nos instrumentos de placas: As notas MI, FA, SOL e LA. • Acompañamento dunha melodía mediante percusión corporal. • Improvisación de ritmos corporais de 4 pulsos de duración para acompañar música de actualidade (sempre co mesmo acompañamento). 	<p>B2-1. Interpretar só, mediante instrumentos composicións sinxelas respectando tanto as achegas dos demais como á persoa que asume a dirección.</p> <p>B2-2. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes instrumentos e do propio corpo (percusión corporal).</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA	<ul style="list-style-type: none"> • Baile: <i>Ani Kuni, danza de Alvarellos.</i> • Creación dun baile diferente individualmente para algunha das pezas traballadas.. • Xogo das estatuas. 	B3-1. Adquirir as capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, gozando da súa interpretación.

BLOQUE 1. ESCOITA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son.	B1-1.1. Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades e características dos sons musicais.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e nomea calidades de sons do medio. • Realiza ditados rítmicos sinxelos no ordenador. 	CL IE CEC
B1-2. Diferenciar os instrumentos musicais traballados.	B1-2.1. Distingue os diferentes instrumentos musicais.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica auditivamente e nomea os diferentes instrumentos e as súas partes. • Explora e describe as posibilidades sonoras dos instrumentos musicais con vocabulario progresivamente máis preciso. 	CL AA IE CEC
	B1-2.2. Coñece os instrumentos que hai na aula e diferéncios.	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece os instrumentos da aula visual e auditivamente. 	AA IE CEC
B1-3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio musical.	B1-3.1. Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	<ul style="list-style-type: none"> • Diferencia os estilos e obras musicais. • Presta atención e mantense en silencio durante a escoita de pezas musicais. 	CL AA CEC

BLOQUE 2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2-1. Interpretar só, mediante instrumentos, composicións sinxelas respectando tanto as achegas dos demais como á persoa que asume a dirección.	B2-1.1. Recoñece e clasifica diferentes instrumentos e tócaos.	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece e describe os instrumentos da aula. 	CL AA
	B2-1.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	<ul style="list-style-type: none"> Le e comprende elementos básicos da linguaxe musical (figuras, silencios...); e apóiase en partituras convencionais 	AA CEC
	B2-1.3. Improvisa ritmos sinxelos de percusión corporal.	<ul style="list-style-type: none"> Crea improvisacións que aínda que sinxelas, teñen sentido musical. 	AA IE
	B2-1.4. Interpreta pezas instrumentais de diferentes estilos e cultura con e sen acompañamento.	<ul style="list-style-type: none"> Interpreta e acompaña cancións e melodías ao unísono 	CSC CEC
	B2-1.5. Coñece e interpreta diferentes melodías, valorando a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	<ul style="list-style-type: none"> Mostra interese por coñecer diferentes manifestacións musicais e por participar na interpretación desas pezas, valorando a súa diversidade e riqueza. 	CEC IE AA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2-2. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes instrumentos e do propio corpo (percusión corporal).	B2-2.1. Busca diferentes posibilidades para expresar mediante o corpo e os instrumentos.	<ul style="list-style-type: none"> • Usa o corpo e os instrumentos musicais dun xeito creativo. 	AA CEC

BLOQUE 3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B3-1. Adquirir as capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, gozando da súa interpretación.	B3-1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	<ul style="list-style-type: none"> • Explora as posibilidades expresivas e sonoras do propio corpo e esforzase por expresarse mediante o movemento e a danza. 	AA CEC
	B3-1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	<ul style="list-style-type: none"> • Interpreta danzas, adquirindo un control progresivamente maior dos seus movementos. 	CSC IE CEC
	B3-1.3 Inventa coreografías para unha obra musical e ponas en práctica.	<ul style="list-style-type: none"> • Crea unha coreografía para acompañar unha peza musical esforzándose por lograr a harmonía e coordinación de movementos necesaria. 	IE AA

ACTIVIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - Audición de pezas para diferenciar os instrumentos traballados na aula. - Audición con musicograma: <i>a danza dos cisnes</i>, de Tchaikovsky. - Contos musicados: <i>a galiña choca</i>, <i>o frautista de Hamelín</i>. - Ditados rítmicos: a negra, a parella de corcheas, a negra e os silencios de negra e branca. - Audicións: Sons agradables e desagradables. - Interpretación nos instrumentos de placas: As notas MI, FA, SOL e LA. - Improvisación de ritmos corporais de 4 pulsos de duración. - Baile individual: <i>Ani Kuni</i>, <i>danza de Alvarellos</i>.
--------------------	---

OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS	<p>Modelo discursivo/expositivo.</p> <p>Aprendizaxe cooperativa.</p>	<p>Actividade e experimentación.</p> <p>Participación.</p> <p>Motivación.</p> <p>Funcionalidade.</p>	<p>Tarefas individuais.</p>

	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	<p>Observación directa do traballo diario.</p> <p>Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.</p> <p>Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p>	<p>Diario-clase.</p> <p>Ítems.</p> <p>Documentos gráficos ou textuais.</p> <p>Interpretacións e dramatizacións.</p>	<p>Cualificación cualitativa:</p> <p>Probas escritas (50%).</p> <p>Observación diaria (25%).</p> <p>Comportamento (25%).</p>

--	--	--	--

ENSINANZA INDIVIDUALIZADA	Fichas de reforzo e explicacións máis minuciosas nos casos necesarios. Apoio á hora de levar a interpretación nos instrumentos de placas (axuda á hora de explicar a maneira de coller as baquetas, a maneira de golpear as placas, etc...).
TRABALLO COOPERATIVO	A maioría das actividades van ser individuais, por mor da situación sanitaria actual.
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	Posibilidade de asistir a algún concerto didáctico.
PLANS E PROXECTOS	<p>PROXECTO LECTOR E PLAN LINGÜÍSTICO: Lectura de textos e correcta explicación mediante o uso dos termos axeitados.</p> <p>PLAN TIC: En ocasións, uso dos ordenadores na páxina de “pequenos músicos”, para realizar os ditados rítmicos.</p> <p>PLAN DE CONVIVENCIA: Actividades grupais que requiren respecto entre iguais.</p>
EDUCACIÓN EN VALORES	<p>Tratamento do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As relacións persoais: as diferenzas culturais, a tolerancia. • As relacións persoais: o respecto persoal, o recoñecemento dos dereitos dos demais.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS:

Debemos ter en conta que os contidos e estándares son practicamente os mesmos durante toda primaria (progresivos), se ben van avanzando en dificultade.

Debido ao fin das restricións sanitarias, as actividades de interpretación vocal e instrumental volverán a ter un peso elevado na aula durante este curso, ademais dos contidos teóricos (notas musicais, figuracións...) e coñecemento visual e auditivo de instrumentos (vídeos explicativos, instrumentos musicais, instrumentos “peculiares”...).

Serán habituais a realización de tarefas globalizadas que busquen o traballo en varias competencias simultaneamente (traballos sobre instrumentos musicais, por exemplo), o uso da TIC (proporcionando páxinas web para traballar as figuracións musicais, por exemplo, como musicaeduca. Farémolo mediante o proxector, e cada un realizaráo dende o seu sitio, xa que manexará o mestre. Ademais, tamén poderán facelo nas súas casas cos seus equipos), etc...

A comunicación coas familias realizarase mediante teléfono, Abalarmóbil ou videoconferencia (Cisco Webex).

MÍNIMOS ESIXIBLES:

- **Escoitar atentamente e en silencio as obras musicais.**
- **Tocar algún dos instrumentos presentes na aula, e usar o corpo como instrumento.**
- **Coñecer e discriminar figuras musicais (negra, parella de corcheas e silencio de negra) e o pentagrama.**
- **Coñecer o compás binario (2/4), e o concepto de pulso.**
- **Recoñecer algún instrumento de pequena percusión.**
- **Realizar bailes individualmente.**

- Coñecer a posición das notas MI, FA, SOL e LA no pentagrama, e tocar cancións con elas nos instrumentos de placas.

AUTOAVALIACIÓN E EXEMPLOS DE FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN:

É necesaria levar a cabo unha autoavaliación da programación, vendo se realmente se realizou todo o que nela vén reflexada e sobretudo, vendo se o alumnado foi capaz ou non de acadar as metas propostas e de mellorar ao longo do curso. Ademais, tamén é interesante valorar se se recuperaron os contidos “pendentes” do curso anterior. Se non é así, haberá que ver onde estiveron os erros e tentar corrixilos.

En canto ás ferramentas de avaliación, empregaremos algunha táboa con ítems bastante similares para os diferentes cursos, se ben segundo se avanza se vai a ir pedindo un maior grao de perfeccionamento. En cada ítem, teríamos catro graos de desempeño: MAL (M), SUFICIENTE (S), BEN (B), EXCELENTE (E).

NOME		Escoita en silencio e respectuosamente as audicións.		Recoñece auditivamente os instrumentos musicais traballados na aula		Realiza as danzas dun xeito correcto.		Interpreta obras coas notas SOL e MI con corrección.		Distingue as diferentes cualidades do son.		Aproveita as diferentes posibilidades que lle permite o seu propio corpo para facer música		Imita e repite correctamente ritmos sinxelos		Disfruta coas interpretacións musicais		É orixinal e creativo nas creacións que fai
-------------	--	--	--	---	--	---------------------------------------	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	---

1									
2									
3									
4									
5									
6									
7									
8									
9									
10									
11									
12									
13									
14									
15									
16									
17									
18									
19									
20									
21									
22									
23									

24									
25									
26									
27									
28									
29									